

SITUACION ACTUAL DA IGREXA GALEGA

(Mesa redonda)

Participan:

Bruno Fuentes (Ourense)
Teolindo F. Gómez (Lugo)
Andrés Torres Queiruga (Santiago)
Xulio Andión (Vigo)
Maracruz Carballido (A Coruña)
Hermelinda Dapena (Pontevedra)
Segundo Pérez (Ferrol)
Antonio Rouco Varela (bispo auxi-
liar de Santiago)

Modera: Antonio Miramontes

Resume: Engracia Vidal

I - IMPRESION XERAL SOBRE A SITUACION DA IGREXA GALEGA

Queiruga.—

Non vou dar aínda a impresión xeral, senón expresar o porqué da mesa redonda. Inicialmente pensáramos nun artigo, pero logo vimos que non era fácil: había o perigo de que resultase unilateral ou excesivamente comprometido. A mesa redonda, aínda que pode quedar diluída e difusa, ofrece as vantaxas da diversidade: de pareceres, de presenza xeográfica e ideolóxica. Pode ser un reflexo bastante xusto e axeitado da realidade concreta da Igrexa que está nun momento de efervescencia e —xa estou dando o meu parecer— sen sabermos moi ben por ónde vamos e cáles son os camiños máis acertados para crear o futuro.

Teolindo.—

Moi clericalizada. Moita división

Vou falar principalmente exuiciando a situación desde Lugo. A impresión xeral que dá a Igrexa galega é que continúa moi clericalizada. A Igrexa son os bispos e cregos; os leigos apenas interveñen. Outra impresión é que hai moita división. Para min un